



PLAN DIGITAL

CEIP Ramón de Artaza y Malvárez

[Versión 1.0_ xuño 2022]

Índice do Plan Dixital

1. Introdución

- 1.1. Datos básicos do centro
- 1.2. Contextualización do plan dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro
- 1.3. Breve xustificación do mesmo
- 1.4. Proceso de elaboración

2. Situación de partida

- 2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais
- 2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO
- 2.3. Análise DAFO

3. Plan de Acción

- 3.1. Obxectivos, indicadores e accións
- 3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

4. Avaliación do PD

- 4.1. Seguimento do Plan de Acción
- 4.2. Propostas de mellora (revisión)

5. Difusión do PD

1. Introducción

1.1. Datos básicos do centro

- **Nome do centro:** CEIP Ramón de Artaza e Malvárez
- **Dirección:** Agra de Baño nº1 - Serres (San Xoán). CP:15259 - Muros
- **Teléfono:** 881867360
- **Correo:** cep.ramon.artaza@edu.xunta.gal
- **Páxina web:** <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepramonartaza/>
- **Etapas educativas:** Educación Infantil e Primaria.
- **Número de alumnado:** o centro conta cun total de 234 alumnos/as repartidos da seguinte forma

Educación infantil:

- 3 anos = 15
- 4 anos =18
- 5 anos= 12

Totais de educación infantil = 45.

Educación primaria:

- 1º = 30 (A - B)
- 2º = 32 (A - B)
- 3º = 35 (A - B)
- 4º = 32 (A - B)
- 5º = 32 (A - B)
- 6º = 28 (A - B)

Totais de educación primaria = 189

1.2. Contextualización do Plan Dixital no centro. Contribución ao Proxecto Educativo do Centro

O CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, situado no concello de Muros, é un CEIP de preto de 250 alumnos/as no que aproximadamente un 18% do alumnado presenta NEAE. Actualmente compoñen o claustro 27 mestres/as, pero cabe mencionar a gran mobilidade nos mesmos ao longo dos últimos anos, coa dificultade de prolongar proxectos no tempo e liñas de actuación a longo prazo.

No presente curso académico, este centro conta cun total de 15 unidades, das cales 12 corresponden a Educación Primaria e 3 a Educación Infantil. Os/As alumnos/as son agrupados por orde alfabético e procurando igualar número e sexo.

O CEIP Ramón de Artaza y Malvárez, está situado á beira do Río Valdexería, na parroquia de Serres. Toma o seu nome dun veciño de Muros cronista oficial da vila e membro da Real Academia. O alumnado que asiste ao colexio procede maioritariamente dos lugares de:

1. Muros: A Virxe, Campo de Cortes, Miraflores, Alivía, Ventín e Muros.
2. Serres: Baño, Valdexería, Badernado, Sestaio, Serres...

O alumnado era ata estes últimos anos maioritariamente galegofalante, pero o grupo dos castelán falantes, concentrado maioritariamente no casco urbano (Muros), é cada vez máis numeroso. O sector económico máis representativo na zona é o terciario, xa que representa a metade do traballo do Concello, cun sector comercial moi vinculado á pesca que representa o 11% dun total de 14% traballadores do sector primario e por último un 17% traballan na construción.

Dado que o contexto é o dunha zona de desenvolvemento sociocultural medio, estes feito repercute na motivación e o interese polo estudo e o saber do alumnado e das súas familias. Por este motivo, pretendemos achegar unha liña de actuación neste documento que siga estes obxectivos:

- Incluir as Tic e Novas tecnoloxías na práctica docente.
- Iniciar na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Levar a cabo os obxectivos do Plan Tic maiormente e tamén no relativo a dixitalización dos outros plans do PE.

Por último a PXA verase enriquecida por este documento incorporando á mesma a pretensión dun maior aproveitamento de todos os recursos tecnolóxicos da nosa comunidade. Pasará a ser parte do eixo vertebrador que fundamente o uso de infraestruturas tecnolóxicas, formacións do alumnado, profesorado e familias, cun aproveitamento máis reflexivo, estudado e estruturado de todos eles. Algúns dos obxectivos relacionados con este apartado presentes na PXA e tamén no Plan TIC son os que seguen:

- Iniciarse na utilización das tecnoloxías da información e a comunicación desenvolvendo un espírito crítico ante as mensaxes que reciben e elaboran.
- Impartir algunha das sesións dalguna materia na aula de informática/laboratorio de idiomas.
- Continuar dende a biblioteca escolar coa catalogación dixital a través do Meiga.
- Incrementar o material dixital do centro.
- Instalar e manter os equipos audiovisuais e informáticos en bo estado.
- Continuar co posta en marcha da web do centro e diversos blogues (Plan Proxecta, BE, NL...).
- Optimizar os recursos informáticos e audiovisuais do centro.

- Acadar a total naturalidade e familiaridade do alumnado coas novas tecnoloxías fomentando a súa motivación para o seu uso e seguimento das súas evolucións.

1.3. Breve xustificación do mesmo

A normativa que regula todo este procedemento queda recollida nos seguintes documentos:

- Art. 111 bis, Art. 121 e Art. 132 da LO 2/2006, de 3 de maio, de Educación
- Disposición adicional quinta da Resolución do 17 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento das ensinanzas de EI, EP, ESO e bacharelato no curso académico 2021-2022
- Disposición adicional terceira da Resolución do 18 de xuño de 2021, da Secretaría Xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o desenvolvemento dos ciclos formativos de FP do sistema educativo no curso 2021- 2022
- Resolución do 3 de setembro de 2021, da Secretaría xeral de Educación e Formación Profesional, pola que se ditan instrucións para o deseño, elaboración e implementación do Plan Dixital nos centros docentes sostidos con fondos públicos da Comunidade Autónoma de Galicia para o curso 2021-2022

1.4. Proceso de elaboración

No primeiro trimestre realizouse a avaliación inicial a través da ferramenta SELFIE para coñecer o estado do noso centro en canto dixitalización.

No comezo do segundo trimestre implementouse o Test CDD para coñecer a competencia dixital dos mestres e mestras do centro.

Coa información destas dúas ferramentas procedeuse a realización do DAFO do noso centro, facendo unha análise de debilidades, ameazas, fortalezas e oportunidades.

No terceiro trimestre elaboráronse as táboas do plan de acción e por último procedeuse a redacción do Plan Dixital.

Cabe sinalar que o seguimento por parte do mentor da nosa zona establecía a entrega de diversas tarefas ao longo do curso que posteriormente terían concreción neste documento. Ditas tarefas axudaron a ter unha temporalización organizada.

2. Situación de partida

2.1. Infraestrutura, equipamento e servizos dixitais

En canto á infraestrutura dixital a rede e conexión é boa, xestionada pola consellería con Redes de Área Local (LAN) que permiten conectar múltiples dispositivos nun mesmo recinto. Segundo isto a conexión garantiza 500Mbps de subida e baixada e proporciona wifi de alta capacidade. Contamos 1 liña de teléfono (coas súas extensións) e 1 de FAX.

Aulas dixitalizadas: todas as aulas de E.P e as aulas de EI están dotadas de: pizarra dixital, ordenador para o mestre e cañón.

Postos de traballo de xestión e administración do centro: todos os membros do equipo directivo contan con ordenador de sobremesa con impresora multifunción.

Uso na biblioteca: cabe destacar que na biblioteca escolar do centro contamos con 7 terminais con acceso a internet. Conta tamén con posto de impresión. Só un equipo ten acceso á plataforma MEIGA.

Equipos para uso na sala de profesorado: está dotada con 4 ordenadores de sobremesa e 3 impresoras.

Equipo para uso de departamento de orientación: conta con un equipo portátil e impresora.

Aula(s) de informática: contamos con aula de informática perfectamente equipada (aula de informática/laboratorio de idiomas, dotada de 20 postos informáticos con conexión a internet, pizarra dixital...) organizadas para que a súa utilización sexa máis doada e atractiva.

No eido dos servizos dixitais corporativos máis empregados na xestión docente temos o espazo Abalar Móbil para familias e profesorado, como medio de comunicación e envío de información entre familias e centro. Tamén os anuncios que implican á comunidade educativa e a información reseñable está na páxina web. Para aspectos didáctivos e pedagogía de traballo, botamos man da aula virtual <https://www.edu.xunta.gal/centros/cepramonartaza/aulavirtual/>

En canto a servizos educativos externos somos usuarios dunha conta de Google e as súas aplicacións para deixar material a compartir, subir novos e adxuntar fotos e noticias para os blogs, revistas, xogos de pistas da biblio, etc. O profesorado é tamén usuarios e CANVA, GENIALLY... no que se refire á confección de cartalería. Cóntase con diversos blogs (Orientación, Biblioteca...)

Da xestión e mantemento dos equipos do centro encárgase en primeira instancia o equipo TIC formado por 4 persoas. En caso de dúbidas contamos co asesor Abalar e para incidencias temos contacto coa UAC. Con todo, para postas a punto na configuración de equipos botamos man dunha empresa adicada a isto.

A continuación deixamos enlaces aos protocolos do centro que teñen relación coas TIC.

- Plan TIC: pódese consultar na páxina 91 da PXA do noso centro.
- Plan de Continxencia: pódese acceder ao mesmo dende [este enlace](#)

2.2. Fontes empregadas para a análise DAFO

Autoavaliación SELFIE: inclúese a información do **resumo das áreas** do informe SELFIE de cada etapa educativa na seguinte táboa:

Areas	Grupos	Ensinanzas
		Primaria
A -Liderado	Equipo Direct.	3,4
	Profesorado	3,2
	Alumnado	-
B- Colaboración e redes	Equipo Direct.	3,6
	Profesorado	2,7
	Alumnado	3,4
C- Infraestruturas e Equipos	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,4
	Alumnado	3,8
D- Desenvolvemento profesional continuo	Equipo Direct.	3,9
	Profesorado	3,4
	Alumnado	-
E- Pedagogía: Apoio e Recursos	Equipo Direct.	4,1
	Profesorado	3,5
	Alumnado	-
F- Pedagogía: Implementación na aula	Equipo Direct.	3,5
	Profesorado	3,3
	Alumnado	3,3
G- Prácticas de avaliación	Equipo Direct.	3,3
	Profesorado	3
	Alumnado	-
H- Competencias dixitais do alumnado	Equipo Direct.	3,7
	Profesorado	3,1
	Alumnado	3,6

Test CDD: Ademais do recollido na táboa 1.3. do Test CDD en relación co perfil do profesorado participante, achegamos tamén a información recollida nas táboas 2.1, 2.2 e 2.3 do informe grupal:

1.3. Participación segundo perfil do profesorado

	N.º profesorado que participa	N.º profesorado total	% participación
DEFINITIVO	14	21	66,7%
PROVISIONAL	1	1	100%

INTERINO	5	5	100%
SUBSTITUTO	4	4	100%
DESPRAZADO	1	1	100%

2.1. Puntuación e nivel de competencia do centro

Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
78,8	Integrador/a (B1)	76,4	Integrador/a (B1)

2.2. Puntuación e nivel de competencia por etapas

	Puntuación media do test (sobre 192)	Nivel de competencia	Puntuación media do test en Galicia (sobre 192)	Nivel de competencia en Galicia
Inf.	67,9	Integrador/a (B1)	68,2	Integrador/a (B1)
Pri.	85,5	Integrador/a (B1)	77	Integrador/a (B1)

2.3. Distribución do profesorado por niveis

	Total profesorado no nivel de competencia	% de profesorado participante neste nivel
A1	-	-
A2	8	32%
B1	11	44%
B2	5	20%
C1	-	-
C2	1	4%
TOTAL	25	100%

Ademais de toda a información obtida coas dúas ferramentas citadas para a elaboración do DAFO, contamos tamén co asesoramento da persoa mentora de centro e dos membros do EDPD.

Cabe sinalar que os datos do SELFIE ás veces son sesgados e requiriron de interpretación, das persoas antes mencionadas, para facer unha interpretación da situación real do centro.

2.3. Análise DAFO

A partir do Informe SELFIE, TCDD e outras fontes, o centro xenerou unha análise DAFO que permite o coñecemento da realidade do centro no eido dixital e facilita a elaboración das liñas fundamentais do Plan Dixital en termos de obxectivos e accións a desenvolver.

INTERNOS		FORTALEZAS	DEBILIDADES
CATEGORÍAS	INFRAESTRUTURAS-EQUIPAMENTO	C1, C2,C3, C5, C7 e C) No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías Dixitais. Hai equipos a disposición do alumnado com boa conexión e asistencia técnica. Existe ademais restricións de rede por seguridade C14 No noso centro, os espazos físicos	C10 No noso centro, nonhai dispositivos portátiles propios e xestionados pola escola que os alumnos poden levar a casa cando o precisen.

	<p>facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías Dixitais</p> <p>C15 No noso centro o alumnado con necesidades educativas especiais ten acceso ás tecnoloxías de apoio</p>	
PERSOAL DOCENTE	<p>D1 O noso equipo directivo reflexiona connosco sobre as nosas necesidades de FPC en relación ao ensino con tecnoloxías dixitais</p> <p>D2 Teño acceso a posibilidades de FPC en materia de ensino e aprendizaxe con tecnoloxíasdixitais</p> <p>D3 O noso equipo directivo axúdanos a intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais</p> <p>E1 Busco recursos educativos dixitais en internet</p> <p>E4 Utilizo as tecnoloxías dixitais para a comunicación relacionadas co centro Educativo</p> <p>F1 Utilizo as tecnoloxías dixitais para adaptar o meu método de ensino ás necesidades individuais do alumnado</p> <p>PEC 1.2 O profesorado participa nas formacións impartidas pola administración</p> <p>PEC 5.2 o profesorado é coñecedor dos beneficiños do software libre</p>	<p>B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B2 No noso centro non comentamos as vantaxes e inconvenientes de ensinar e aprender coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións</p> <p>E2 Non creamos recursos dixitais para reforzar o noso método de ensino</p> <p>E3 Non utilizamos ambientes virtuais de aprendizaxe cos alumnos</p> <p>E5 Non utilizamos recursos educativos abertos ou non damos créditos de autoría</p> <p>F3 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para fomentar a creatividade do alumnado</p> <p>F4 Non levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado</p> <p>F5 Non empregamos as tecnoloxías dixitais para facilitar a colaboración entre o alumnado</p> <p>F6 Non fomentamos a participación do alumnado en proxectos interdisciplinares utilizando tecnoloxías dixitais</p> <p>G1 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para avaliar as competencias do alumnado</p> <p>G3 Non empregamos as tecnoloxías dixitais para proporcionar unha retroalimentación adecuada aos estudantes.</p> <p>G5 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado reflexione sobre a súa aprendizaxe</p> <p>G6 Non utilizamos as tecnoloxías dixitais para que o alumnado poida levar a cabo comentarios sobre o traballo dos seus compañeiros.</p> <p>G7 O noso equipo directivo non nos axuda a utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de avaliación</p> <p>G8 Non facilitamos ao alumnado o uso das tecnoloxías dixitais para documentar a súa aprendizaxe</p> <p>G9 Non utilizamos datos dixitais sobre estudantes individuais para mellorar a súa experiencia de aprendizaxe</p> <p>G10 Non se valoran as competencias dixitais que o alumnado desenvolveu fóra do centro educativo</p> <p>FLUT O profesorado considera que ten falta de tempo para usar as tecnoloxías non proceso de ensino aprendizaxe e indica non ser o suficientemente compentente</p> <p>FPAM o profesorado non consiera que hai bo uso das EVA e da comunicación dixital</p> <p>SUT o profesorado ten inseguridade para impartir e retroalimentar as súas ensinanzas</p> <p>PT empregan pouco tempo en TIC</p> <p>AT adoitan comezar tarde a utilizar os avances tecnolóxicos</p> <p>A5 No noso centro respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a aprendizaxe</p>
PERSOAL NON DOCENTE	<p>Contamos con intérprete en lingua de signos</p>	
ALUMNADO	<p>H4 No noso centro o alumnado aprende a comprobar se a información que atopa en internet é fiable e precisa</p> <p>H6 No noso centro o alumnado aprende a dar crédito ao traballo doutras persoas que atoparon en internet</p>	<p>H1 e H2 No noso centro o alumnado non aprende a actuar con seguridade e responsabilidade en internet</p> <p>H7 No noso centro o alumnado non aprende a crear contidos Dixitais.</p> <p>H8 No noso centro o alumnado aprende a comunicarse mediante as tecnoloxías dixitais</p> <p>H11 No noso centro o alumnado Non aprende a codificar ou programar</p>

			<p>H13 No noso centro o alumnado non aprende a resolver problemas técnicos que se presentan ao utilizar as tecnoloxías dixitais</p> <p>PEC 2.3 O alumnado non pode facer seguimento de actividades en liña.</p> <p>PEC 4.3 e PEC 5.3 o alumnado non coñece os beneficios do software libre nin os utiliza na casa</p>
	FAMILIAS	PEC 4.2 As familias pode ver en web avances do alumnado	FNAM Baixa competencia en TICs
	OFERTA		
	ORGANIZACIÓN DO CENTRO	<p>A2 O noso equipo directivo implica ao profesorado no desenvolvemento da estratexia dixital do centro</p> <p>A3 Conto co apoio do noso equipo directivo á hora de probar novas formas de ensinar con tecnoloxías dixitais</p> <p>PEC 1.1 e PEC 1.3 Utilizamos servizos corporativos e comunidade educativa atopa todo o que precisa na web</p> <p>PEC 2.2 e PEC 3.1 foméntase a participación en PFPP</p> <p>PEC 3.1. Notificacións a través de AbalarMóbil e xustificación de faltas.</p> <p>PEC 4.1 Coñécese e respéctase* a normativa sobre adquisición de material</p> <p>FPAM o equipo directivo consideran que hai bo uso das EVA e da comunicación dixital</p> <p>UADPC o profesorado ve útil as formacións sobre todo online e colaborativas</p>	<p>A1 No noso centro non temos unha estratexia dixital</p> <p>A3 No noso centro non teño tempo para explorar como mellorar o meu método de ensino coas tecnoloxías dixitais</p> <p>A5 No noso centro non respectamos os dereitos de autor e utilizamos licenzas cando utilizamos as tecnoloxías dixitais para o ensino e a Aprendizaxe</p> <p>B1 No noso centro non avaliamos o noso progreso no ensino e na aprendizaxe coas tecnoloxías dixitais</p> <p>B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais</p> <p>C11 No noso centro non contamos con medidas para identificar as dificultades que xorden coa aprendizaxe mixta, relacionadas coas necesidades de aprendizaxe do alumnado e o seu contexto Socioeconómico.</p> <p>C12 Na nosa escola, non temos un plan para axudar aos profesores a afrontar os retos que supón a aprendizaxe mixta, relacionados coas necesidades de aprendizaxe dos estudantes e a súa orixe socioeconómica.</p> <p>C13 No noso centro o alumnado non pode levar os seus propios dispositivos portátiles e utilízalos durante as clases.</p> <p>C14 No noso centro, os espazos físicos facilitan o ensino e a aprendizaxe coas tecnoloxías Dixitais pero non se fai uso deles</p> <p>C16 No noso centro non existen repositorios ou bibliotecas en liña que conteñen materiais de ensino e aprendizaxe</p> <p>D3 O noso equipo directivo non nos facilita o intercambiar experiencias dentro do centro sobre a docencia con tecnoloxías dixitais</p> <p>G7 O noso equipo directivo non nos axuda a utilizar as tecnoloxías dixitais con fins de Avaliación</p> <p>H10 O noso equipo directivo non garante que os estudantes desenvolvan habilidades dixitais para as diferentes materias</p> <p>PEC 2.1 non só se utiliza software libre</p>

EXTERNOS		OPORTUNIDADES	AMEAZAS
CATEGORÍAS	ADMINISTRACIÓN EDUCATIVA	<p>Oferta formativa ampla</p> <p>Persoal docente e non docente estable</p> <p>A administración apoia a innovación</p>	<p>É fácil que o PDC pase a ser un documento máis sen outra pretensión.</p> <p>As demandas que se fan á administración educativa en canto equipos e material tecnolóxico tende ou a tardar moito ou a non ter resposta positiva.</p> <p>Excesiva lexislación educativa e cambios continuos.</p>

LEXISLACIÓN		Excesiva burocracia Lexislación educativa que afecarta ao sistema educativa É preciso desenvolver aplicacións Tecnolóxicas que faciliten a labor docente (nubes colaborativas efectivas tipo google drive), sistemas de comunicación instantáneos entre o profesorado tipo Telegram
CONTORNA	As familias participan activamete na vida do centro Aula TECNOLÓXICA / INFORMÁTICA do Concello. As tecnoloxias da Información e da Comunicación están de moda	FNAM compentecia dixital moi diversa nas familias FNAM acceso limitado do alumnado a dispositivos e conexión estable nas vivendas
ANPA	Boa relación con esta entidade	
OUTRAS ENTIDADES	Existen numerosas entidades coas que se pode colaborar Dotación de equipamento tecnolóxico doado Boa relación con Concello e biblioteca	B3 No noso centro non utilizamos tecnoloxías dixitais á hora de colaborar con outras organizacións B4 No noso centro non colaboramos con outros centros e/ou organizacións para apoiar o uso das tecnoloxías dixitais

3. Plan de Acción

A continuación, pasamos a enumerar os obxectivos, indicadores e accións que, tras ter analizado toda a información, se consideran prioritarias para o noso centro.

3.1. Obxectivos, indicadores e accións

Para a concreción de obxectivos, indicadores e accións analizouse o DAFO en profundidade tendo coidado de escoller aqueles ítems que, segundo a ideosincrasia do noso centro, se consideraron como prioritarias. As táboas seguintes recollen esta información:

"Área/s de mellora": Liderado (A)						
OBXECTIVO 1:	Promover a comunicación entre o profesorado e as familias mediante o uso da ferramenta Abalar móbil e PRO (PEC 1.1, PEC 2.2, PEC 3.1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo - Equipo TICs				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Porcentaxe de titores que realizan as comunicacións coas familias a través do sistema Abalar. (Instrumento: Enquisa) Porcentaxe de familias que realizan as comunicacións co centro a través do sistema Abalar. (Instrumento: Enquisa)					
Valor de partida	33% de profesorado e familias					
Valor previsto e data	80% de titores que realizan as comunicacións coas familias a través do sistema Abalar. 66% de familias que realizan as comunicacións co centro a través do sistema Abalar.			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A01.1: Crear un grupo de traballo encargado da formación e da mentorización sobre o programa AbalarPro	Equipo TICs	1/10/2022	Dispositivos móbiles persoais. ordenadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.2: Enquisa ás familias e análise					Realizada	
					Aprazada	

dos resultados sobre o uso e coñecemento de Abalar móbil e necesidade de formación	Equipo directivo	15/10/2022	Conta en Abalar Box Deseño das preguntas da enquisa por parte do ED. Análise das respostas.		Pendente	
A01.3: Fomentar a titorización entre iguais para formar as persoas titoras na ferramenta AbalarPro	Equipo TICs	30/10/2022	Dispositivos móbiles formadores		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.4: Escola de pais/nais para coñecer as potencialidades de Abalar móbil.	Equipo directivo	30/11/2022	Equipo TICs (dá a formación) Cronograma de actuacións e difusión. Dispositivos móbiles ordenadores	Conseguido En proceso Non conseguida	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A01.5: Potenciar o uso de Abalar móbil e PRO mediante o envío de notificacións periódicas como medio oficial de comunicación	Equipo directivo	30/11/2022	Contas de Abalar Móbil do claustro (aceptación titorías, novas e avisos...) Contas das familias (petición titorías, xustificación faltas...)	Conseguido En proceso Non conseguida	Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

NOTA: todos estes ítems aínda que se atopaban no apartado de fortalezas porque se utilizan xa en centro, son susceptibles de melloría de aí esta proposta de plan de acción).

(* PEC 1.1 O centro ofrece servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico corporativo...) para

difundir información sobre o centro educativo virtual)

*(*PEC 2.2 O centro promove a creación conxunta de coñecemento mediante a organización dun Plan de Formación en centros dos que formo parte)*

(PEC 3.1 Dende o centro educativo promove a participación do profesorado nas actividades formativas individuais organizadas pola Administración educativa para actualizar as competencias didácticas do profesorado.)*

“Área/s de mellora”: Pedagogía Implementación na aula (F)						
OBXECTIVO 2:	Aumentar o emprego da AV do centro por parte de profesorado e alumnado (*F4)				Acadado	
RESPONSABLE:	Persoa coordinadora do Equipo de Dinamización do Plan Dixital				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Nº de actividades levadas a cabo co alumnado na AV do centro por docente implicado no PFPP.					
Valor de partida	2 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado no PFPP.					
Valor previsto e data	5 actividades realizadas co alumnado na AV por docente implicado no PFPP.			15/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A02.1: Solicitar un PFPP con formación específica na creación de actividades e recursos para aula virtual.	Xefatura estudos profesorado	01/11/2022	Persoa asesora do CAFI Persoa coordinadora do PFPP Cronograma de PFPP Formador Equipo informático		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.2: Crear primeiras actividades para a aula virtual de cada curso.	Equipo Tics	19/12/2022	Profesorado do PFPP Ter cursos creados para cada membro. Materiais e contidos de cada actividade.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A02.3: Publicar as primeiras actividades nos cursos correspondentes da AV do centro	Profesorado anotado no PFPP	16/01/2023	Usuarios aulas virtuais profesorado. Actividades creadas. Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A02.4: Facer participar ao alumnado e comprobar o efectividade das primeiras actividades	Profesorado anotado no PFPP	06/02/2023	Usuarios aulas virtuais profesorado. Calificacións das actividades nas AAVV Equipos informáticos		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

(*F4 Non Levamos a cabo actividades de aprendizaxe dixital que motive o alumnado)

“Área/s de mellora”: Liderado (A)						
OBXECTIVO 3:	Desenvolver a estratexia dixital do centro (A1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo directivo				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro.					
Valor de partida	0 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro					
Valor previsto e data	3 estratexias contempladas nun documento que conforme a estratexia dixital do centro			Final do 1º trimestre curso 22-23		
ACCIÓN A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A03.1: Reunión do equipo directivo para establecer propostas de estratexias dixitais para o centro.	Equipo directivo	Finais do mes de setembro do curso 22-23	Convocatoria Mentor ADIX Coordinador TIC Correo electrónico. Acta da sesión Orde do día: web, aulas virtuais, comunicación coas familias, co profesorado, obradoiros...		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A03.2: trasladar a proposta ao claustro de maneira dixital (cuestionario AAVV ou Abalar Box)	Persoa coordinadora das TIC	Primeira semana de outubro curso 22-23	Documento que recolla as propostas de estratexias. Cuestionario aberto para recoller retroalimentación/propostas do profesorado. Correos electrónicos do claustro. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A03.3: Reunión para analizar propostas realizadas e xerar e difundir o documento definitivo.	Equipo directivo	Última semana de outubro do curso 22-23	Persoa coordinadora Tic (facilita datos do cuestionario). Mentor ADIX Documento definitivo e difusión. Correos claustro para difusión. Equipo informático.		Aprazada	
					Pendente	

(*A1 Estratexia dixital do centro)

“Área/s de mellora”: Infraestrutura* ¹ e equipamentos (C)						
OBXECTIVO 4:	Dotar aso servizos corporativos dunha interface atractiva e fomentar a participación do profesorado e familias nos bloques dedicados a eles. (PEC 1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo Directivo e Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de entradas realizadas na web do centro no curso 22-23 nos bloques especificados.					
Valor de partida	0 entradas realizadas na web do centro no curso 22-23 nos bloques especificados.					
Valor previsto e data	10 entradas realizadas na web do centro no curso 22-23 nos bloques especificados.			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A04.1: Avaliar as posibles melloras e o deseño da web do cole	Equipo directivo	01/12/2022	Equipo TIC Asesor Abalar. Proposta clara de necesidades. Equipo informático.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.2: Actualizar os bloques de contidos destinados ás familias e alumnado	Equipo TIC	13/01/2023	Persoa do equipo TIC. Asesor Abalar. Usuario WEB Materiais para subidas.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A04.3: Realizar obradoiro para formar ao profesorado na elaboración de entradas da web.	Equipo TIC	23/01/2023	Usuarios de web para o profesorado que vai subir contidos. Persoa formadora pertencente ao claustro do centro. Materiais.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	

A04.4: Crear entradas sobre as actividades da AMPA, EXTRAESCOLARES E PEDAGÓXICAS.	Equipo TIC	15/02/2023	Profesorado Diagrama das organizacións. Usuario web.	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.5: Dar lugar a que a ANMPA aporte contidos e información xeral cara a comunidade educativa	Equipo TIC	15/02/2023	ANMPA (achega recursos) Persoa equipo TIC Usuario Web Equipo informático	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	
A04.6: Acercar ás familias a coñecer a dinámica do centro desde a web corporativa informando das actividades publicadas na web, a través de Abalar	Profesorado	Cada vez que se elabora un contido.	Profesorado Enlace das entradas. Usuario Abalar móbil. Equipo informático..	Realizada	
				Aprazada	
				Pendente	

**1 (Nota: referímonos neste caso á infraestrutura dixital)*

*(*PEC 10 centro ofrece servizos educativos corporativos (web, aula virtual, videoconferencia, correo electrónico corporativo...) para difundir información sobre o centro educativo virtual)*

"Área/s de mellora": Infraestrutura e Equipamentos (C)						
OBXECTIVO 5:	Actualizar os dispositivos dixitais e crear aula de informática para as clases pedagóxicas e outra para alumnado como espazo de tempo libre, lecer e estudo. (C1*)				Acadado	
RESPONSABLE:	Equipo TIC				Non acadado	
INDICADOR/ES DO OBXECTIVO	Número de aulas de informática montadas e totalmente operativas. Número de veces que se utilizaron as aulas de informática no curso 22-23 (instrumento: folla de rexistro da ocupación da aula)					
Valor de partida	1 aula de informática montada e totalmente operativa. 0 veces que se utilizaron as aulas de informática no curso 22-23					
Valor previsto e data	2 aulas de informática montadas e totalmente operativas. 15 veces que se utilizaron as aulas de informática no curso 22-23			22/06/2023		
ACCIÓNS A DESENVOLVER						
DESCRICIÓN	RESPONSABLES	DATA PREVISTA FIN	RECURSOS NECESARIOS	SEGUIMIENTO DA ACCIÓN		
				VALORACIÓN DA ACCIÓN	ESTADO	
A05.1: Montaxe de aula coas súas conexións e accesorios	Equipo TIC	07/10/2022	Persoas do equipo TIC Equipamento informático. Espazo físico.		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
A05.2: Establecer horarios e quendas de asistencia nas dúas aulas creadas	Equipo directivo	15/02/2022	Persoa equipo TIC Profesorado (persoas coord. Ciclo) Cronograma de uso. Folla de rexistro de uso (deseño e elaboración)		Realizada	
					Aprazada	
					Pendente	
					Realizada	

A05.3: Determinar e formar a alumnado colaborador que resolva incidencias técnicas na aula do alumnado.	Equipo TIC	01/03/202	Profesorado do equipo TIC. Cronograma de 3 obradoiros para este alumnado. Persoas responsables de obradoiros. Material informático.		Aprazada	
					Pendente	

(*C1 No noso centro a infraestrutura dixital apoia o ensino e a aprendizaxe con tecnoloxías dixitais)

3.2. Necesidades de equipamento e de infraestruturas tecnolóxicas

En canto a infraestructura dixital é preciso un sistema de almacenamento vencellado á rede (NAS) para o respaldo da información do noso centro.

No centro destacamos a necesidade de facer unha mellora no equipamento tecnolóxico existente.

Aulas dixitalizadas: é preciso substituír as PDI de varias aulas. O profesorado manifesta fallos na tactilidade o que dificulta a introdución de actividades relacionadas coas TIC. O número ascende a 8 PDI necesitadas.

Ordenadores nas aulas: Necesitamos restituir 12 ordenadores e poñer equipos de sobremesa nas aulas para minimizar erros das PDI e poder facilitar o uso de actividades interactivas.

Uso na biblioteca: contamos con 4 ebook. Sería necesaria a dotación de 4 ebook, 6 tablets e unha impresora 3D ou robos MBOT para recuncho de linguaxe de programación coa intención de facer actividades de innovación e creatividade.

En canto a servizos dixitais educativos, é precisa unha aplicación de comunicación entre o profesorado para non ter que utilizar plataformas externas. Abalar Pro podería ser unha boa opción se se desenvolvese nesa aplicación algunha funcionalidade de comunicación directa entre o profesorado do centro que permita tamén achegar: imaxes, arquivos de son, vídeos...

Por último para concluír este apartado, deixamos constancia da necesidade de mellorar o tempo de resposta do servizo técnico da UAC, xa que, en gran parte das ocasións temos que derivar os problemas a servizos externos por non ter unha resposta rápida por parte da administración.

4. Avaliación do plan

No que se refire ao seguimento e avaliación do Plan Dixital en relación coa consecución dos obxectivos será realizada dende dúas perspectivas:

Avaliación procesual: será realizada unha vez ao final de cada un dos trimestres do curso 22-23. Realizarase un revisión do estado das accións, así como a valoración dos resultados acadados nos distintos obxectivos das táboas dos nosos plans de accións. Ademais, realizaranse propostas de modificación de accións de ser preciso. Utilizaranse os apartados correspondentes das citadas táboas para tal efecto.

Avaliación final: será realizada unha vez ao ano ao remate do curso académico 22-23. Farase unha revisión da consecución dos obxectivos formulados e realizaranse posibles propostas de mellora. Utilizaranse os apartados correspondentes de cada unha das táboas do plan de acción para o seu cumprimento.

5. Difusión do plan

Unha vez aprobado o Plan Dixital do noso centro será publicado na web do mesmo. Ademais enviarase un enlace ás familias coa entrada para facelas coñecedoras da súa publicación. Tamén se enviará a todo o claustro vía correo electrónico e ao Consello Escolar.